



[Video] Defensa do ensino galego e público e rexeitamento da monarquía española en Pereiro

SERMOS GALIZA :: 17/09/2014

Entre los lemas más coreados: "El dinero de los Borbones para Educación" y "¿Que enseñan los Borbones? Fascismo y corrupción."

Galego

'Ben-cho-Sey' era nacionalista galego e republicano mais un monarca español estivo nesta terza feira nun centro que leva o seu nome para inaugurar o curso escolar. Felipe VI, que leva as fillas a un centro de ensino privado, oficiou como mestre de cerimonias nun colexio público do rural galego. Unha frase esta (colexio público rural galego) que reúne todos os alicientes para definir onde se cebaron nestes anos as tesoiras para recortes e retalladas.

O alumnado tivo que pasar por controis de seguridade. E a Garda Civil retivo a 30 persoas a 2 Km do colexio para que non asistisen á concentración

Numerosas persoas concentráronse desde antes do mediodía nos accesos ao colexio para defender o ensino público e galego e para rexeitar a monarquía española. A concentración da Plataforma Galega de Defensa polo Ensino Público quería evidenciar ante Felipe VI a asfixia á que a Xunta somete a educación pública e como beneficia á privada, así como pedir a retirada da LOMCE.

A Garda Civil, segundo confirmou a CIG, retivo a 2 Km do colexio a un grupo de persoas para que non asistisen á concentración da PGDEP. Mais outras puideron pasar e estiveron a pé do centro de ensino. Entre os lemas máis coreados: "Os cartos dos Borbóns para Educación" e "Que ensinan os Borbóns? fascismo e corrupción".

As aulas interrumpíronse a media mañá para que o alumnado e profesorado asistisen á inauguración 'real' do curso escolar. Antes, a primeira hora da mañá, as e os escolares tiveron que acceder a este centro de Pereiro de Aguiar atravesando fortes controis de seguridade.

CIG-Ensino denuncia a "hipocrísia" do acto perante o "desmantelamento" do ensino público artellado desde Madrid e a Xunta

Carencias do centro

Os monarcas españois estiveron acompañados polo ministro José Ignacio Wert e o presidente da Xunta, Núñez Feijóo, entre outros. No percorrido polo centro, unha representación de pais e nais de alumn@s entregou á raíña Letizia dúas cartas. Unha para agradecer a visita, outra para relatarlle as carencias do centro. Un neno, segundo recolle a Radio Galega, pronunciouse claro sobre a visita dos Reis: "Eu son máis de Papá Noel"

Castellano

“Ben-cho-Sey” era nacionalista galego y republicano pero un monarca español estuvo este martes en un centro que lleva su nombre para inaugurar el curso escolar Felipe VI, que lleva las hijas a un centro de educación privado, ofició como maestro de ceremonias en un colegio público del rural galego. Una frase esta (colegio público rural galego) que reúne todos los alicientes para definir donde se cebaron estos años las tijeras para recortes.

El alumnado tuvo que pasar por controles de seguridad y la Guardia Civil estuvo a 30 personas a 2 Km del colegio para que no asistieran a la concentración.

Numerosas personas se concentraron desde antes del mediodía en los accesos al colegio para defender la educación pública y en galego y para rechazar la monarquía española. La concentración de la Plataforma Galega de Defensa por la Educación Pública quería evidenciar ante Felipe VI la asfixia a la que la Xunta somete a la educación pública y como beneficia a la privada, así como pedir la retirada de la LOMCE.

La Guardia Civil, según confirmó la CIG, retuvo a 2 Km del colegio a un grupo de personas para que no asistiesen a la concentración de la PGDEP. Pero otras pudieron pasar y estuvieron a pie del centro de educación. Entre los lemas más coreados: “El dinero de los Borbones para Educación” y “ ¿Que enseñan los Borbones? Fascismo y corrupción.

Las aulas se interrumpieron a media mañana para que el alumnado y profesorado asistiesen a la inauguración “real” del curso escolar. Antes, a primera hora de la mañana, las y los escolares tuvieron que acceder a este centro de Pereiro de Aguiar atravesando fuertes controles de seguridad.

CIG-Educación denuncia la “hipocresía” del acto ante el “desmantelamiento” de la educación pública organizado desde Madrid y la Xunta.

Carencias del centro

Los monarcas españoles estuvieron acompañados por el ministro José Ignacio Wert y el presidente de la Xunta, Núñez Feijóo, entre otros. En el recorrido por el centro, una representación de padres y madres de alumn@s entregó a la reina Letizia dos cartas. Una para agradecer la visita, otra para relatarles las carencias del centro. Un niño, según recoge la Radio Galega, se pronunció claro sobre la visita de los Reyes: “Eu son mais de Papá Noel”.